

O fascinante mundo dos anfibios

Os anfibios teñen unha etapa da súa vida na que dependen, en maior ou menor medida, do medio acuático; é a fase larvaria. Noutra, a fase adulta, son principalmente terrestres. En xeral, o seu ciclo vital consta de tres etapas: embrión ou ovo, larva e adulto. O paso da fase acuática á fase terrestre coñécese como metamorfose. Nela prodúcese cambios moi importantes como, por exemplo, a desaparición ou redución da cola, a substitución das branquias por pulmóns e o desenvolvemento das patas.

Son moi sensibles á deshidratación e á abrasión, o que fai que a maioría sexan nocturnos e máis activos cando hai unha elevada humidade ambiental. A pel dos anfibios, ademais de actuar como barreira fronte ao exterior, contribúe á respiración e regula a entrada e saída de auga. A maioría das especies presentes en Galicia viven en espazos próximos á auga, coma ríos, regatos, lagos e charcas. A súa reprodución ten lugar, na maioría dos casos, no medio acuático, onde realizan as postas, aínda que non sempre é así.

1. Hábitats con auga temporal

Presentan comunidades de plantas acuáticas enraizadas que, a medida que o asolagamento diminúe, son substituídas por comunidades de plantas anfibias e emerxidas.

Entre as especies de flora máis representativas atópanse a lentella de auga, a herba de ouro, a platanaria e diferentes especies de xuncos.

Como especies de fauna características destacan o sapo corriqueiro e o sapinho pinto.



Sapo corriqueiro - *Epidalea calamita*



Sapinho pinto - *Discoglossus galganoi*

2. Hábitats con auga corrente

Presentan vexetación flotante ou enraizada, mergullada total ou parcialmente, que depende directamente da presenza continua de auga.

Entre as especies de flora máis representativas atópanse o lirio de auga, o polígono, a herba de ouro ou a espiga de auga.

Como especies características deste medio destacan a píntega rabilonga e a ra ibérica.



Píntega rabilonga - *Chioglossa lusitanica*



Ra patilonga - *Rana iberica*

3. Hábitats con auga permanente

Inclúen pozas, pequenas lagoas, tramos remansados de regatos e presas onde a auga se mantén todo o ano.

Nelas establécense comunidades de plantas acuáticas que enraízan no fondo, adaptadas a vivir con follas e talos sempre en contacto coa auga.

As masas de auga permanente son refuxio e zona de alimentación para numerosas especies de anfibios e invertebrados, ademais de contribuír a manter un microclima máis húmido na contorna



Tritón verde - *Triturus marmoratus*



Tritón ibérico - *Lissotriton boscai*